




Concello de Barro



INFORME REPAROS EXPEDIENTE PONTE RIO AREAL

ANTECEDENTES

- Consta informe con reparos de data 06/03/07 relativo a separata Construcción de ponte no parque público río areal redactado polo arquitecto Técnico Ricardo Sobral Casaderrey o 12/02/07 por importe de 36.549,76 € por falta de acta de replanteo e falta de xustificación do fraccionamento do contrato.
- Constan ficha atribucións a nome de Maria Luz Fontan Piñeiro con superficie de 1.035 e Benigno Fontan Rodríguez con superficie de 1.445 m²
- Copia documento de partición de 20/08/02
- Escrito da Consellería de Medio Rural de data 13/03/06 que da traslado de adjudicación provisional a Maria Luz Fontan Piñeiro como predio nº 1499
- Ficha de atribucións con unha superficie de paortación de 3.360 m² e unha superficie de atribución de 5.340 m²
- Consta escrito da Consellería de Política Territorial de data 02/05/07 ref OT107A 2007/087-4 con entrada nº 1223 de data 08/05/07 solicitando información en relación con denuncia apertura viais en Valbon.

LEXISLACION APLICABLE

- Lei 7/85 de 2 abril LRBRL, art. 21, 22, 88,78
- RDL 2/2004 de 5 de marzo (LRFL), artigos art. 183, 213 e ss.
- R.D. 500/90 de 20 abril, art. 31 . 61.1.m., n, 314.1.2.
- Lei 39/92 de 26 de novembro LRXPAC, art. 62
- Lei 47/2003 de 26 novembro, Lei Xeral Orzamentaria, art. 154 e ss, 176 e ss.
- RDL 2/2000 do 16 xuño Texto Refundido LCAP (TRLCAP) , art. 11, 56, 67, 121, 152, 176, 201.
- R.D. 1098/2001 do 12 de outubro, Regulamento da LCAP (RLCAP)
- R.D.L. 1/2001 de 20 xuño, Lei de Augas
- R.D. 849/1996 de 11 de abril, Regulamento desarrolla lei de augas, título II, art 78 e ss
- Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 19/85 de 14 de agosto modificada por lei 12/2001 de 10 de setembro de concentración parcelaria de Galicia.

INFORME.

A adquisición de terreos debará ir vinculada a unha finalidade que ademais de ser de competencia municipal este garantizada a súa viabilidade, que deba garantirse seguindo o procedemento legalmente establecido.

Sigue sin constar acta de replanteo no expediente e a vinculación da compra dos terreos para construción de ponte sobre un río deberá contar cos preceptivos informes favorables do organismo competente Augas de Galicia tal como establece o normativa sobre augas.

A autorización que constan no expediente do Paseo fluvial Río das Bouzas, emitida por Augas de Galicia clave DH.W36.7136 con data 21/04/03 soio fai referencia a paseo fluvial na marxe do río das Bouzas e non a construción de



Concello de Barro

Santo Antonia - Perdecanaí - 36194 BARRO (Pontevedra)
C.I.F. P-3600200-D - Teléfonos 986 71 10 01/02 - Fax 986 71 10 01
E-mail. barro@concellos.depontevedra.es

ponte.

Por outra parte a compra que se está a facer e de parcelas nas que existe unha diferenza de superficie entre as fincas de aportación e as fincas de atribución dentro do proxecto de parcelaria para o que non consta a adjudicación definitiva das parcelas.

De conformidade co art. 216, 217 do TRLFL, formulase reparo polos motivos sinalados, procedendo conforme o art. 216.2 a suspensión da tramitación do expediente en tanto no se solventen as deficiencias sinaladas no informe.

Así mesmo se informa que de conformidade co establecido no art. 173.4 do TRLFL e art. 176 da Lei Xeral Presupostaria os feitos poden dar lugar responsabilidade de indemnizar a facenda pública dos danos e perxucios que sexan consecuencia dos actos con infracción do disposto na lei con independencia da responsabilidade penal que poida corresponder. Dos acordos adoptados en contra do previsto na normativa aplicable son responsables os membros do órgano decisor que voten favorablemente (art. 78 LRBRL) a pesares dos informes contrarios ou contra os reparos formulados.

E canto teño a ben informar, salvo mellor criterio, non obstante a Corporación acordará.

Barro a 24 de maio de 2007
O SECRETARIO INTERVENTOR.

Asdo: Xesús Rodríguez Castro

**SUNTO: CONTRATACION
INFORME BASE CONTRATOS OBRAS**

03-07

ANTECEDENTES:

-Memoria separata "CONSTRUCCIÓN DE PONTE NO PARQUE PÚBLICO "RÍO AREAL"" realizado polo Técnico Municipal D. Ricardo Sobral Casalderey o 12 de febreiro de 2007 por importe de 36.549,76 €.

Consta proxecto PARQUE PUBLICO RIO AREAL con visado de data 20/11/03 con un orzamento total de 747.509,13 € e un orzamento correspondente as obras da ponte de 293.035,70 €

Lexislación Aplicable

- Lei 7/85 de 2 abril LRBRL, redacción dada pola lei 57/2003 art. 21, 22, 88
- R.D.L 781/86 de 18 abril Texto Refundido de disposicións vixentes en materia de Rexime Local (TRRL), art.23, 24, 120 e ss
- RDL 2/2004 de 5 de marzo Texto Refundido Lei Reguladora das Facenda Locais (TRLRFL), art.185, 213 e ss.
- R.D. 500/90 de 20 abril, art. 31
- Lei 5/97 do 26 de xullo, de Administración Local de Galicia, art. 61.1.m., n, 314.1.2.
- Constitución art. 9, 103
- Lei 30/92 de 26 de novembro LRXPAC, art. 62
- R.D.L 2/2000 do 16 xuño Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (LCAP), art. 11, 56, 67, 121, 152, 176, 201.
- R.D.1098/2001 do 12 de outubro, Regulamento da LCAP (RLCAP)
- Lei 9/2002 do 30 decembro, de ordenación urbanística, art 195
- R.d. 1627/97 do 24 de outubro sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.
- Lei 38/99 do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, art. 4
- Lei 8/97 do 20 de agosto, de Accesibilidade e Supresión de Barreiras
- Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, regulamento de desenvolvemento Lei sobre Accesibilidade Supresión de Bareiras
- R.D. 314/2006 de 17 de marzo polo que se aproba o Codigo Técnico da Edificación

INFORME:

CONTRATACIÓN DAS OBRAS.

A lei de contratos establece os requisitos e principios a cumprir pola Administración. Establecendo o axuste en todo caso ós principios de publicidade e concurrencia e o cumprimento dos seguintes requisitos: (art. 11)

- a) competencia do órgano de contratación
- b) capacidade do contratista adxudicatario
- c) determinación do obxecto do contrato
- d) fixación do precio
- e) existencia de crédito axeitado e suficiente
- f) tramitación do expediente
- g) fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico
- h) aprobación do gasto polo órgano competente

i) formalización do contrato.

Nos expedientes de contratación cando se trata de contratos de obras esixese tamén: (art.138 RLCAP)

- 1.-aprobación do proxecto
- 2.-Acta de replanteo previo
- 3.-Prego de cláusulas administrativas
- 4.certificación existencia de crédito
5. Fiscalización previa.

O art. 62 da LCAP sinala como supostos de nulidade dos contratos: as indicadas no art. 62 da lei de LRXPAC; falta de capacidade de obra ou da solvencia; carencia ou insuficiencia de crédito

PROXECTO.

Os proxectos veñen regulados pola normativa seguinte:

-LCAP art. 120 e ss ; -Lei 38/99 do 5 de novembro, de ordenación da Edificación ; -Lei 9/2002 do 30 decembro, de ordenación urbanística.; -R.d. 1627/97 do 24 de outubro sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción Sendo tamén de aplicación a normativa sectorial así como normativa técnica específica.

Polo que se refire a execución das obras necesarias, procede, en primeiro lugar, a redacción de memoria ou proxecto das obras que definirá tamén o obxecto do contrato,

A LCAP art. 124 define o contido dos proxectos:

-memoria, -planos, -prego de prescripcións técnicas particulares, -presuposto, -programa de desenvolvemento, - referencia o replanteo da obra, - estudio de seguridade e saúde, -documentación prevista en normas

A Lei 38/99, no seu art. 4 define o proxecto como o conxunto de documentos mediante os cales se define e determinan as esixencias técnicas das obras

A LCAP art. 124 define o contido dos anteproxectos e dos proxectos detallando o contido da memoria, planos, cálculo de precios e presuposto. O art. 124.2 prevé a posibilidade de simplificar refundir ou suprimir algúns documentos dos proxectos, e no referente a responsabilidades sinala que: cando a contratación do proxecto fose contratada integramente mediante un contrato de consultoría do art. 126.2.a os autores do proxecto incurrirán en responsabilidade. No suposto en que a prestación se levase a cabo en colaboración coa administración e baixo a súa supervisión as responsabilidades limitaranse o ámbito da colaboración.Sinala no art. 125 que os proxectos deberán referirse a obras completas entendéndose por tais as susceptibles de seren entregadas o uso ou servio. Cando se trate de obras que pola súa complexidade necesiten de elaboración de dous ou mais proxectos específicos e complementarios a parte de obra que se refire a cada un susceptible de contratación independente sempre que o conxunto dos contratos figure nun plan de contratación plurianual. O art.178 regula o presuposto e contido dos proxectos na execución de obras por Administración.

A lei 9/2002 do 30 decembro, art. 195.4 entende por proxecto técnico o conxunto de documentos que definan as actuacións que se van a realizar co suficiente contido e detalle para permitir a administración coñecer-lo obxecto delas e decidir si se axustan ou non a normativa urbanística...

O R.d. 1627/97 do 24 de outubro, establece as condicións mínimas de

seguridade e saúde nas obras, e a obrigatoriedade do estudo básico de seguridade e saúde, e en determinados supostos o estudo de seguridade e saúde.

Replanteo do proxecto.

Unha vez aprobado o proxecto e con carácter previo a tramitación do expediente de contratación procederase o replanteo que consistirá en comprobar a realidade xeométrica da obra e a disponibilidad dos terreos precisos para a normal execución. (art. 129 da LCAP)

Logo da sinatura do contrato efectuarase a comprobación do replanteo antes do inicio das obras. (art. 142 da LCAP)

Modificación do proxecto.

Art. 141.d) da LCAP prevé, entre outros supostos, a utilización do procedemento negociado sen publicidade para obras complementarias que non figuren no proxecto, debendo concurrir:

- que as obras non poidan separarse tecnicamente do contrato primitivo
- que as obras complementarias estén formadas alomenos nun 50% do orzamento por unidades de obra do contrato principal
- que o importe acumulado das obras complementarias non supere o 20% do precio do primitivo contrato.

O art. 146 regula a modificación de contrato sinalando os seguintes requisitos:

- redacción de proxecto modificado e aprobación do mesmo
- audiencia do contratista no seu caso
- aprobación do expediente polo órgano de contratación así como o gasto complementario.

Fraccionamento do contrato.

O art. 68 da LCAP sinala que o expediente deberá abarcar a totalidade do obxecto do contrato e comprenderá todos e cada un dos elementos que sexan precisos. Non poderá fraccionarse un contrato con obxecto de diminuír a contía e eludir requisitos de publicidade, procedemento e forma de adxudicación.

Cando o obxecto do contrato admita fraccionamento xustificandoo no expediente, poderá preverse a realización independente por lotes, sempre que sexan susceptibles de aproveitamento separado ou así o esixa a natureza do obxecto.

Responsabilidade elaboración de proxectos.

Así mesmo sinálase que o art. 124 da LCAP detalla o contido e responsabilidades derivados da elaboración dos proxectos. Cando a elaboración do proxecto fose contratada integramente pola Administración dacordo co art. 196.2 parágrafo a) (contrato de consultoría e asistencia) o autor ou autores do mesmo incurrirán en responsabilidade nos términos establecidos nos art. 217 a 219. No suposto de que a prestación se levara a cabo en colaboración coa Administración e baixo a súa supervisión, dacordo co art. 196.2 parágrafo B) (contrato de consultoría e asistencia para colaboración coa Ad.) as responsabilidades limitaranse o ámbito da colaboración.

O art. 217 LCAP sinala que cando se trate da elaboración integra dun proxecto de obra o órgano contratante esixirá a subsanación polo contratista dos defectos, insuficiencias técnicas, erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios detallando os prazos e consecuencias dos incumplimentos.

PROCEDIMENTO DE CONTRATACION

A Lei de Contratos das Administracións públicas no seu art. 73 e ss. prevé os distintos procedimentos de adxudicación dos contratos, procedemento aberto, restrinxido ou negociado, podendo no caso do procedemento aberto e restrinxido adxudicar o contrato por subasta ou por concurso.

O art. 118 do TRRL establece que a subasta procederá con carácter xeral nos contratos de obras.

A subasta versará sobre un tipo expresado en diñeiro, con adxudicación o licitador que sin exceder de aquel, oferte o precio mais baixo. **No concurso** a adxudicación recaerá no licitador que, no seu conxunto, faga a proposición mais ventaxosa, tendo en conta os criterios establecidos nos pregos, sin atender exclusivamente o precio da mesma.

A lei de contratos tamén prevé outros procedimentos de adxudicación de contratos: **contrato menor**, procedemento **negociado** e realización de **obras por administración**. Para o caso de utilización destes procedimentos a aplicación dos mesmos procederá para o caso de que se cumplan os supostos da súa aplicación según a LCAP debendo motivarse a utilización de procedimentos que se aperte do establecido con carácter xeral

CONTRATO MENOR

O art. 56 da LCAP regula os contratos menores definíndoos exclusivamente en función da contía, non podendo superar no caso de obras: contía de **30.050,61 €** (5.000.000 pts) art. 121, esixindo a tramitación do expediente a aprobación do gasto e a incorporación da factura xustificativa sin perxuício da existencia de proxecto cando normas específicas así o requiran. (art.56)

PROCEDIMENTO NEGOCIADO

O art. 73 da LCAP define o procedemento negociado como o procedemento no que o contrato sera adxudicado o empresario xustificadamente elixido pola administración previa consulta e negociación dos términos do contrato con alomenos tres empresarios conforme o establecido no art. 92 determinación no prego dos aspectos económicos e técnicos obxecto da negociación

O procedemento negociado admite dúas posibilidades: procedemento negociado con publicidade ou sin publicidade.

O Procedemento negociado con publicidade será esixible según establece o art. (140) nos casos de:

- Proposición ou ofertas irregulares en procedimentos abertos ou restrinxidos.
- Obras con fines de investigación.
- en casos excepcionais obras cúa natureza ou risco non permita determinar previamente o precio global.

Cando a contía do contrato sexa igual ou superior a 5.358.153 € será obrigada a publicación no DOCE.

Procedemento negociado sen publicidade: (141 LCAP)

- a- cando o contrato non chegase a adxudicarse en un procedemento aberto
- b-causas de especificidade técnica a adxudicación das obras soio poda encomendarse a determinado empresario.
- c- cando existan razóns de imperiosa urxencia
- d- obras complementarias que non figuren no proxecto cumprindo determinadas condicións

e- repetición de obras similares a outras adxudicadas, (en determinadas condicións)

f- os declarados secretos

g- **en función da contía:**

os de OBRAS con orzamento inferior a 60.101,21 € (10.000.000 pts) e que non exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento (art. 88.3 LRBRL modificado pola D.A.9ª LCAP 206.864,35 € orzamento do 2007)

TRAMITES PROCEDIMIENTO NEGOCIADO

-Procede a xustificación da elección do procedemento de adxudicación

-Aprobación do prego de condicións no que se determinaran os aspectos económicos e técnicos que no seu caso sexan obxecto de negociación coa empresas

-Aprobación do gasto

-Solicitude ofertas alomenos a tres empresas no p.n sen publicidade (art. 73, 92.3) deixando constancia no expediente das invitacións cursadas, as ofertas recibidas e das razóns para a aceptación ou rechazo aplicadas polo órgano de contratación (LCAP art 92)

O art. 91 e ss do R.D. 1098/2001 do 12 de outubro (RLCAP) regula e detalla o procedemento de solicitude de participación no procedemento negociado:

-contido mínimo das invitacións

-forma de transmisión das invitacións

-posibilidade de solicitude de ofertas mediante anuncio

A Adxudicación non podra ter lugar en ningunha caso por importe superior o orzamento previamente aprobado.

A posibilidade de utilización de determinadas modalidades de contratación virá determinada polo importe do orzamento das obras.

COMPETENCIA.

O art. 21.1 da lei 7/85 do 2 de abril competencia da alcaldía contratación que non superen o 10% recursos ordinarios do orzamento (10 % recursos ordinarios orzamento 206.864,35 € orzamento do 2007) nin os 6.000.000 € Incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior os 4 anos sempre que o importe acumulado de todas as anualidades on superada porcentaxe 4 referidos os recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio.

O art. 113 do TRRL en relación coa competencia en materia de contratación sinala que o acordo aprobatorio do expediente de contratación e de apertura do procedemento de adxudicación corresponderá o órgano que sexa competente conforme a lei para ordenar o gasto. Comprenderá a aprobación do prego de cláusulas económico-administrativas., e o art. 114.1 sinala que o órgano da Entidade local competente para contratar según a lei ostenta tamén a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu incumplimento.

Por Decreto do alcalde de data 17 de xuño de 2003 delegou na Comisión de goberno todas as competencias atribuídas a alcaldía con excepción das previstas no art. 21.3 da Lei 7/85 de 2 de abril redacción dada pola lei 11/99, quedando por tanto incluída en dita delegación as atribucións en materia de contratación.

PUBLICIDADE

O art. 326 da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia

establece a existencia de publicidade para todos os procedementos de adxudicación dos contratos con excepción dos procedementos negociados, con publicación no BOP e no DOG sen perjuicio de que pola contía este suxeto a publicidade no DOCE

O ap. 2 do mesmo art. Sinala que o anuncio publicarase con unha antelación mínima de **26 días** o sinalado como último para a recepción das proposicións, que nos procedementos restrinxidos computaranse dende a data de envío da invitación. O prazo será de **14 días** no procedementos negociados con publicidade.

CLASES DE EXPEDIENTES DE CONTRATACION.

Os expedientes de contratación podran ser **ordinarios, urxentes e de emerxencia.**

Tramitación **urxente**, no caso de contratos de necesidade inaplazable e por razóns de interese público, que entre outros aspectos leva consigo a redución dos prazos a metade e a posibilidade de comezo da execución do contrato antes da formalización sempre que se constitua a garantía definitiva

FISCALIZACION E APROBACION DO GASTO.

O art. 173 do TRLRFL establece que "non podran adquirirse compromisos de gastos por cuantía superior o importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sin perjuicio das responsabilidades a que haxa lugar"

Prevé así mesmo a fiscalización previa dos actos administrativos que leven consigo obrigas de contido económico polo que será necesaria a valoración das obras para a súa fiscalización e no seu caso habilitación do crédito necesario no caso de que no orzamento vixente non exista partida.

O art. 69 do (LCAP) establece que os contratos cuia financiación se realice con aportacións de distintas procedencias deberá acreditarse no expediente a plena dispoñibilidade de todas elas e a orde do seu abono con inclusión dunha garantía para a súa efectividade

Os pregos de prescricións técnicas serán elaborados con anterioridade a autorización do gasto de conformidade co establecido na lei.

CONCLUSION

De conformidade co art. 216, 217 do TRLFL, formúlase reparo polos seguintes motivos:

A LCAP establece a subasta como forma de adxudicación dos contratos de obra a subasta polo que a utilización de outro procedemento deba motivarse

Non consta xustificación da división do contrato. Non podrá fraccionarse un contrato con obxecto de diminuír a contía e eludir requisitos de publicidade, procedemento e forma de adxudicación. Proba da falta de motivación do fraccionamento do contrato e que se están a contratar simultaneamente partes de varios proxectos cando sería máis lóxica a execución íntegra de algun deles

Non consta acta de replante do proxecto.

Procedendo conforme o art. 216.2 a suspensión da tramitación do expediente en tanto non se solventen as deficiencias sinaladas no informe, correspondendo no seu caso, conforme establece o art. 217 do TRLFL a resolución do reparo o Alcalde.

Así mesmo se informa que de conformidade co establecido no art. 173.4 do

RLFL e art. 176 da Lei Xeral Presupostaria os feitos poden dar lugar responsabilidade de indemnizar a facenda pública dos danos e perxuícios que sexan consecuencia dos actos con infracción do disposto na lei con independencia da responsabilidade penal que poida corresponder. Dos acordos adoptados en contra do previsto na normativa aplicable son responsables os membros da órgano decisor que voten favorablemente (art. 78 LBRL) a pesares dos informes contrarios ou contra os reparos formulados.

E canto teño a ben informar, salvo mellor criterio, non obstante o órgano competente acordará.

Barro a 6 de marzo de 2007
O SECRETARIO INTERVENTOR

Asdo: Xesús Rodríguez Castro

